

Don Carlos Potel Alvarellas, secretario accidental do Concello de Ponteareas (Pontevedra),

CERTIFICA que a Corporación Municipal, na sesión ordinaria levada a cabo o día 26 de novembro de 2019, a vista do seguinte ditame, **adoptou**, entre outros, o acordo proposto e co resultado de 15 votos a favor (BNG, PP e PSOE) e 5 abstencións de ACIP e BNG (Sr. Mera Covas).

“3º) Expediente 5583/2019. Resolución do recurso presentado por dona María Belén Villar González contra o acordo plenario do día 30 de xullo de 2019, no que se reconece a compatibilidade como avogado e politólogo a don Roberto Mera Covas.

Visto o escrito de dona Belén Villar González con rexistro de entrada 2019-E-RC-1949, de data 23 de agosto de 2019, que recorre en reposición o acordo plenario de 30-7-2019 polo que se resolve a solicitude de compatibilidade do posto de concelleiro de D. Roberto Mera Covas coa actividade da avogacía e politólogo de xeito marxinal.

Visto o informe do asesor xurídico, de data 18 de novembro de 2019, favorable á desestimación do recurso de reposición nos termos do citado informe .

PROPOÑO:

1º.-) Desestimar o recurso de reposición presentado mediante o escrito con data de entrada do 23-8-2019 pola Sra. Villar González contra o acordo plenario de 30-7-2019.

2º.-) Con todo procede engadir ao acordo plenario de 30-7-2019 o seguinte apartado “o interesado deberá absterse de levar aqueles asuntos nos que poida menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes como concelleiro con adicación exclusiva do Concello de Ponteareas ou poida comprometer a súa imparcialidade ou independencia como tal, debendo axustar a súa actuación aos supostos de abstención previstos no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro” .

3º.-) Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Recursos Humanos e ao interesado con indicación do recurso procedente perante ó Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra.”

E para que así conste e para os efectos oportunos, expido e asino o presente, coa salvedade do artigo 206 do R.O.F., de orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde, don Xosé Represas Giráldez, en Ponteareas.

O alcalde,

O secretario acctal.,

Documento asinado electrónicamente

